

DATA DE  
RECEPCIÓN:  
15/09/2016

DATA DE  
ACEPTACIÓN:  
31/08/2017

*Dos orillas y un océano:*  
*25 autores iberoamericanos de poesía para niños y jóvenes*  
Sergio Andricaín e Pedro C. Cerrillo (coords.)  
Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha  
2015, 119 pp.  
ISBN: 978-84-9044-160-2 (edición impresa);  
978-84-9044-161-9 (edición dixital)



**Irene Freire Casal**  
Universidade de Santiago de Compostela  
[irenefc88@gmail.com](mailto:irenefc88@gmail.com)

*Dos orillas y un océano: 25 autores iberoamericanos de poesía para niños y jóvenes* é unha breve antoloxía que xorde do traballo realizado conxuntamente entre o Centro de Estudios de Promoción de la Lectura y Literatura Infantil (CEPLI) e a Fundación Cuatro Gatos. Tal e como sinalan os directores destes dous centros – Pedro C. Cerrillo e Sergio Andricaín, respectivamente– nas súas introducións, esta obra busca ser unha guía para todas aquelas persoas que desexen achegarse á poesía infantil ao mesmo tempo que serve para tender pontes entre dous lugares cuxas literaturas comparten certos nexos culturais e históricos, como poden ser o patrimonio compartido da tradición oral en lingua española ou a influencia de autores como Rubén Darío, María Elena Walsh ou Federico García Lorca.

Ao longo das súas páxinas faise unha achega á obra de vinte e cinco importantes autores de poesía para nenos e adolescentes en lingua española, quince poetas latinoamericanos e dez españois, entre os que destacamos o vigués Antonio García Teijeiro, de quen se salienta a súa obra *Versos de agua* (Edelvives, 1989) e o poema “En la orilla del mar” publicado en *Queda la música* (Amigos de Papel, 2013).

Trátase dunha antoloxía da que poden destacarse tres aspectos: en primeiro lugar, a escolla de autores de ambos lados do Atlántico creando deste xeito unha antoloxía iberoamericana que ten moi presente o concepto de comunidade lingüística, independentemente do país no que se publicaron as obras.

Relacionado coa selección dos poetas está o segundo aspecto positivo da obra: a ruptura co tradicional criterio xeracional que se adoita seguir á hora de crear antoloxías, pois os encargados de escoller os autores tomaron como criterio o destinatario das obras e seleccionaron persoas que publican actualmente pero que teñen idades moi variadas – inclúense poetas nados dende o ano 1937, como é o caso de Marina Colasanti, ata o 1977, ano no que naceu María José Ferrada—.



Tamén é salientable a información dada en cada unha das fichas que contén o libro e, dentro dela, a inclusión dun breve cuestionario composto por tres preguntas no que os autores falan sobre os seus seus vínculos coa poesía, sobre o que eles pensan que pode achegarlles aos nenos e adolescentes a lectura de obras deste xénero e das ideas que, como escritores que cultivan o xénero, suxiren para crear pontes permanentes entre as novas xeracións e a poesía.

Ademais destes dous aspectos cómpre sinalar que tamén se inclúe unha breve descrición da súa traxectoria no ámbito da literatura, unha recensión dun dos seus libros realizada por especialistas tanto españois como latinoamericanos e un poema representativo da súa produción dentro deste xénero literario.

*Dos orillas y un océano:  
25 autores iberoamericanos de poesía para niños y jóvenes*

Trátase, pois, dunha antoloxía que presenta as tendencias máis importantes na poesía iberoamericana unindo autores novos –como Gonzalo García Rodríguez (Darabuc) ou Mar Benegas, entre outros– con autores clásicos da poesía infantoxuvenil –como, entre outros, Marina Colasanti ou Antonio García Teijeiro–. Para rematar cómpre salientar que se trata dunha obra orixinal xa que, ademais de non seguir os criterios de selección tradicionais, nela non está presente o didactismo que adoitan presentar as antoloxías de Literatura Infantil e Xuvenil.

